



Concello de AMES

Bases orientadoras para a contratación de publicidade institucional do Concello de Ames

1. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Estas bases establecen os criterios e mecanismos que rexen a contratación de publicidade institucional do Concello de Ames, de acordo coa Lei 29/2005, do 29 de decembro, de publicidade e comunicación institucional.

2. FINALIDADE

Os obxectivos destas bases son:

- a) Regular a contratación da publicidade institucional municipal.
- b) Dotar de transparencia e permitir a fiscalización das relacións entre o concello e os medios de comunicación en materia de publicidade institucional.
- c) Garantir a utilidade pública e a racionalidade na distribución da publicidade oficial.
- d) Contribuír á consolidación dun espazo de comunicación plural.

3. DEFINICIÓN

1. Entenderase por publicidade institucional todo anuncio, aviso ou información de interese para a poboación, publicada en medios de comunicación, en calquera soporte, orixinada, promovida ou contratada polo Concello de Ames, co propósito de dar a coñecer á veciñanza mensaxes institucionais referidas a campañas de sensibilización e/ou á promoción de servizos, programas e plans de políticas públicas, así como dos actos do goberno que deles deriven, garantindo sempre o dereito á información da veciñanza e o pleno exercicio da cidadanía.

2. Exclúense da aplicación destas bases:

- a) Os anuncios de carácter administrativo que, polas súas características, só poidan inserirse en medios escritos ou audiovisual de carácter diario.
- b) Os anuncios que veñan derivados de obrigas que deban cumprir persoas ou entidades subvencionadas, patrocinadas, contratistas ou concesionarias do concello, e aqueles onde a publicidade do concello fora requisito esixido nas axudas, convenios ou contratos.

4. MENSAXES PROHIBIDAS

A publicidade institucional non poderá conter mensaxes que:

- a) Sexan discriminatorias ou contrarias aos principios, valores, declaracións, dereitos e garantías recollidos na Declaración dos Dereitos Humanos.
- b) Induzan a confusión cos símbolos, ideas, expresións, deseños ou imaxes empregadas por calquera agrupación política ou organización social.
- c) Que teña como finalidade destacar logros de xestión ou dos obxectivos.



Concello de AMES

- d) Provoquen o descrédito ou menosprezo, directo ou indirecto, de persoas físicas ou xurídicas, privadas ou públicas; que conteñan información enganosa, subliminar ou encuberta.
- e) Manifesten menosprezo, obstaculicen ou perturben as políticas públicas ou calquera actuación lexitimamente realizada por outra institución pública no exercicio das súas competencias.

5. VALORES E PRINCIPIOS

A relación do Concello cos medios de comunicación para a contratación de publicidade institucional réxese polos valores e principios seguintes:

- a) Interese xeral e utilidade pública
- b) Eficacia na comunicación
- c) Transparencia na xestión pública
- d) Racionalidade no gasto público

6. OBXECTIVOS

A promoción ou contratación de publicidade institucional do Concello de Ames terá os obxectivos xerais seguintes:

- a) Garantir o dereito de acceso á información pública e incentivar o control cidadán dos asuntos públicos.
- b) Informar obxectivamente sobre a xestión municipal e as actividades do Concello.
- c) Transmitir os programas e políticas públicas.
- d) Dar a coñecer os servizos que ofrece o Concello de Ames.
- e) Dar a coñecer o uso de fondos públicos.
- f) Comunicar as disposicións normativas, nomeadamente as que pola súa importancia e impacto social requiran o coñecemento xeral.
- g) Fomentar o uso do galego.
- h) Fomentar a igualdade e a responsabilidade social.
- i) Garantir o acceso máis completo á información por parte das persoas con calquera tipo de discapacidade.
- j) Propiciar a protección do ambiente, o uso sustentable dos recursos, a defensa dos dereitos humanos e as prácticas saudables.
- k) Promover o turismo e reforzar e difundir as marcas que teña Ames.
- l) Difundir a cultura, as expresións artísticas e o patrimonio histórico e cultural de Ames.
- m) Promover valores democráticos na cidadanía.
- n) Promover a participación da sociedade civil na esfera pública.

7. COMISIÓN TÉCNICA DE PUBLICIDADE

1. Crearase a Comisión Técnica de Publicidade do Concello de Ames, da que formarán parte cinco técnicos/as do Concello nomeados polo alcalde en materias de:

- a) servizos económicos ou contratación
- b) turismo



Concello de AMES

- c) cultura, deportes, educación, medio ambiente, mocidade ou servizos sociais
- d) normalización lingüística
- e) comunicación

O/a técnico/a de comunicación actuará como presidente/a e outro/a dos técnicos/as actuará como secretario/a da comisión.

2. As funcións da Comisión Técnica de Publicidade son:

- a) Aplicar estas bases naquilo que lle corresponda.
- b) Resolver calquera dúbida ou diverxencia sobre a interpretación ou aplicación destas bases.

3. O seu funcionamento axustarase ao previsto na normativa sobre réxime xurídico das administracións públicas para os órganos colexiados, e as decisións adoptaranse por maioría dos membros presentes.

4. A Comisión poderá solicitar os informes que considere precisos tanto dos órganos de asesoramento xurídico e Intervención do concello, que poderán asistir ás súas xuntanzas cando sexan requiridos pola súa Presidencia e asesorar os seus membros, como de entidades públicas asesoras externas (como, por exemplo, o Colexio de Xornalistas de Galicia, a Asociación de Medios en Galego ou as facultades de Xornalismo, Comunicación Audiovisual ou Publicidade) para facer consultas e aclaracións en cuestións de carácter profesional en materia de comunicación e publicidade.

8. ORZAMENTO DE PUBLICIDADE MUNICIPAL

1. No orzamento anual do Concello consignaranse as partidas específicas en concepto de publicidade e propagando en cada un dos programas orzamentarios, o cal deberá publicarse anualmente no apartado destinado á transparencia no sitio web oficial do Concello de Ames.

2. Non poderán destinarse fondos doutras partidas a gastos de publicidade.

3. Tamén deberá publicarse anualmente no apartado destinado á transparencia no sitio web oficial do Concello de Ames o detalle do investimento realizado en espazos de publicidade en medios de comunicación o ano anterior.

9. CONTRATACIÓN DA PUBLICIDADE

1. O Concello adquirirá os espazos de publicidade que lle cumpran aténdose ao establecido na Lei de contratos do sector público. Cando se trate de contratos menores farao, ademais, de acordo con estas bases.

2. Cada ano os medios de comunicación interesados en que lles sexa contratada publicidade polo Concello de Ames presentarán no Rexistro do Concello unha solicitude en tal sentido, con expresión dun correo electrónico de contacto. Xuntamente achegarán toda a documentación que consideren e que lle permita á antedita Comisión Técnica valorar o cumprimento dos criterios a



Concello de AMES

que se refire o Anexo I, agás tarifas. Nomeadamente:

- a) Difusión auditada por organismos recoñecidos ou facturas orixinais en que conste a tiraxe de exemplares das tres últimas edicións, para o caso dos medios gráficos.
- b) Os medios de comunicación electrónicos deberán contar cunha ferramenta de estatísticas do tránsito das visitas accesible para a Comisión de Publicidade. Na proposta farase constar as visitas do último semestre.
- c) Mapa do concello con distribución dos espazos de publicidade, para as empresas de publicidade en vía pública e/ou de cartelaría.
- d) Grella de programación no caso de radios e canles de TV en que conste a porcentaxe de produción local.
- e) Copia dos TC2 (relación nominal de traballadores/as afiliados/as a unha conta de cotización) ou outro documento acreditativo para xustificar o número de empregados/as declarados.

Estas solicitudes e a documentación anexa terán validez ata a resolución da convocatoria seguinte, pola Comisión Técnica de Publicidade.

3. Cando o Concello de Ames necesite contratar un espazo publicitario ou unha campaña que supoña un contrato menor, convidará -a través do correo electrónico indicado na solicitude- aos medios de comunicación da categoría que lle interese das relacionadas no Anexo II e que fixeran a antedita solicitude, a que lle presenten ofertas de tarifas para ese espazo ou campaña concreta.

En relación ás categorías c) Revistas e periódicos de tiraxe non diaria de Ames e d) Medios de comunicación electrónicos, o Concello poderá establecer unha subcategorización segundo as temáticas dos medios, en función da información que se pretenda publicitar.

Exclúense como obxecto de contratación de publicidade institucional do Concello de Ames aqueles medios de comunicación que teñan fundamentalmente unha finalidade promocional ou aqueles que non poidan acreditar unha continuidade de publicación dun mínimo de seis meses.

As ofertas presentaranse mediante resposta ao dito correo electrónico do Concello. A unidade de medida deberá expresarse en segundos, no caso das radios e tv; en centímetros de columna, páxina completa, media páxina, roubapáxinas, faldón ou módulo, no caso dos medios gráficos ; en píxeles e localización do banner, no caso dos dixitais.

As ofertas indicarán igualmente a localización no medio ou o día e hora de emisión que se ofrece.

3. As ofertas dos medios serán valoradas pola Comisión Técnica de Publicidade consonte os criterios do Anexo I. A Comisión ordenará as ofertas para cada categoría de medios establecida no Anexo II segundo as puntuacións obtidas na valoración.

A Comisión Técnica de Publicidade poderá en calquera momento solicitar documentación aclaratoria sobre calquera dos criterios aplicables.



Concello de AMES

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

No ano 2018 os medios de comunicación interesados en que lles sexa contratada publicidade polo Concello de Ames no que resta de ano, presentarán no Rexistro do Concello a solicitude en tal sentido, con indicación da categoría ou categorías de medios en que desexan participar e a documentación axeitada dende o 16 de febreiro ao 15 de marzo de 2018.

ANEXO I: CRITERIOS

A puntuación de cada oferta será a suma dos puntos obtidos en cada apartado, ata un máximo total de 40 puntos, segundo o que se detalla a seguir. A puntuación sempre se expresará en números enteiros.

a) Difusión e audiencia dos últimos tres meses (máximo 12 puntos)

En cada categoría, o medio situado no 1º lugar, 12 puntos; os seguintes obterán 9, 6, 3 e 0, do 5º lugar en diante.

As radios e televisións deberán poderse escoitar ou ver en todo o Concello.

Os medios de comunicación electrónicos puntuaranse segundo a medida de visitas mensuais ou número de sesións abertas ao mes.

Os paneis publicitarios puntuaranse segundo a súa proximidade a núcleos de poboación e a poboación destes, así como segundo as vías onde se coloquen.

b) Inserción regular de informacións sobre Ames (máximo 4 puntos)

b.1 Nos medios de difusión diaria (xornais, radios, tv), ata 4 puntos por publicación dun mínimo de sete novas de Ames á semana; por un mínimo dunha nova semanal: 3 puntos; por un mínimo dunha nova quincenal: 2 puntos; unha nova ao mes: 1 punto.

b.2 Nos restantes medios, recibirá 4 puntos o medio que máis informacións de Ames publique, e os medios que o sigan 3, 2, 1 puntos, respectivamente, e 0 os seguintes.

Farase comprobación do último mes de publicación.

Este criterio b non é de aplicación aos paneis publicitarios.

c) Contidos en galego (máximo 7 puntos)

c.1. Medios de calquera tipo e formato:

c.1.1. con máis do 75% de contidos de elaboración propia ou emisión local en galego, 7 puntos

c.1.2. entre 50 e 75% de contidos de elaboración propia ou emisión local en galego, 5 puntos

c.1.3. entre 25 e 50% de contidos de elaboración propia ou emisión local en galego, 3 puntos

c.2. Emisoras de radio e TV que teñan todos os informativos locais en galego, 2 puntos (súmase á puntuación de c.1, co máximo de 7 puntos)

Os medios que non presenten un mínimo de ¼ parte da súa produción en galego obterán 0 puntos.

Este criterio c) non é de aplicación aos paneis publicitarios.

d) Responsabilidade social (máximo 5 puntos)

d.1 Número de persoas empregadas declaradas

d.1.1. De 2 a 5 empregados/as, 1 punto



Concello de AMES

d.1.2. Máis de 5 empregados/as, 2 puntos

d.2 Porcentaxe mínima do 2% de persoas empregadas con diversidade funcional: 1 puntos

d.3 Non inserción de seccións de contactos ou de publicidade sexista: 2 puntos

Este criterio d) non é de aplicación aos paneis publicitarios.

e) Ofertas (máximo 12 puntos)

e.1 Tarifa: ata 10 puntos, que se lle outorgarán ao medio que presente a tarifa máis baixa. Os puntos obtidos polos restantes medios da categoría calcularanse coa aplicación dunha regra de tres inversa sobre a respectiva oferta confrontada co mellor prezo ofrecido e a puntuación máxima, ou sexa:

Mellor oferta x 10

Oferta

e.2 Melloras: puntuación única de 2 puntos por cada categoría, que se lle outorgarán ao medio que presente as mellores condicións (situación da inserción, tamaño/duración, etc.), segundo o criterio da Comisión Técnica de Publicidade. Esta puntuación poderá quedar sen outorgar se as condicións ofertadas non merecen a consideración da Comisión Técnica.

ANEXO II: CATEGORÍAS

- a) Xornais de tiraxe diaria
- b) Revistas e periódicos de tiraxe non diaria
- c) Revistas e periódicos de tiraxe non diaria de Ames
- d) Medios de comunicación electrónicos
- e) Emisoras de radio
- f) Televisións
- g) Paneis publicitarios e outros

ANEXO III: PREVISIÓN MÍNIMA DE INSERCIÓNS PUBLICITARIAS PARA 2018

XANEIRO:

-Festa de Reis en Bertamiráns e no Milladoiro (5 de xaneiro)

FEBREIRO:

-Festa de Entroido

-Acto de homenaxe a Rosalía de Castro (24 de febreiro)

-Programación cultural para os meses de marzo, abril, maio e xuño

MARZO:

-Acto do día internacional da Muller (8 de marzo)

ABRIL:

-Día Internacional do Libro (23 de abril): Literatura na Praza



Concello de AMES

MAIO:

- Acto do Día das Letras Galegas (17 de maio)
- Campamentos de Verán

XUÑO:

- Programación cultural de verán
- Carreira da familia

XULLO:

- Acto do Día de Galicia (25 de xullo)

AGOSTO:

- Festival Millarock

SETEMBRO:

- Día do Deporte
- Programación cultural para os meses de outubro, novembro e decembro

OUTUBRO:

- Carreira pedestre popular do Concello de Ames

NOVEMBRO:

- Campaña Ames en Negro
- Xornadas Acércate de Igualdade e Prevención da Violencia de Xénero
- Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres (25 de novembro)

DECEMBRO:

- Concurso de Escaparates de Nadal do Concello de Ames
- Programación de actividades de Nadal

OUTRAS CAMPAÑAS:

- Xornadas específicas do departamento de Educación (en 2017 houbo tres)
- Campaña: posibilidade de pagamento do IBI fraccionado
- Campaña: Orzamentos participativos